
PROBA DE NIVEL PARA CURSOS CALC

Trátase dunha proba de carácter voluntario para aquelas persoas que teñen a intención de cursar un determinado curso CALC e non posúen un certificado oficial que acredite o nivel de lingua requirido (nivel A2 para cursar un CALC B1, ou nivel B1 para cursar un CALC B2).

A participación nesta proba non garante a obtención dunha praza nun curso CALC.

A proba de nivel está concibida para efectuar as medicións que nos permitirán situar á persoa candidata nun destes niveis do MECRL:

- ✓ Medición do nivel A2 que dará acceso á persoa candidata a cursar un **CALC de nivel B1**.
- ✓ Medición do nivel B1 que dará acceso á persoa candidata a cursar un **CALC de nivel B2**.
- ✓ No caso de que a persoa candidata non alcance os acertos mínimos correspondentes ao nivel A2, colocarse a esa persoa no **nivel A2**, isto é, non accede a un nivel superior.

PARTES DA PROBA:

- *Parte I: Test de opción múltiple*

Propóñense 4 opcións para cada resposta para que, estatisticamente, o índice de acerto ao chou se reduza ao 25%.

O grado de dificultade das preguntas é progresivo para facilitar os procesos de resolución.

- *Parte II: Comprensión de lectura.* Exercicio tipo Matching (emparellado).

ASPECTOS DA PROBA:

1. É obrigatorio que a persoa candidata realice as dúas partes da proba.
2. A puntuación total da proba é de **60 puntos** (Parte I = 50 puntos; Parte II = 10 puntos)
3. Todos os ítems acertados terán o valor de un punto.
4. Tempo máximo para realizar a proba: **60 minutos**.
5. Os resultados comunícanse vía e-mail. A partir da comunicación a persoa candidata ten 48 horas para inscribirse no curso CALC do nivel resultante na proba.
6. Acceso aos niveis en función da puntuación obtida:
 - 0-30 puntos: accede a un curso CALC de nivel A2 (non acada máis do 50 % da puntuación total da proba).
 - 31-45 puntos: accede a un curso CALC de nivel B1 (acada máis do 50 % da puntuación total da proba pero non supera o 75 %).
 - 46-60 puntos: accede a un curso CALC de nivel B2 (acada máis dun 75 % da puntuación total da proba).

N.B.: Non existe proba de nivel para acceder ao **nivel C1**. Para acceder a un curso CALC de nivel C1 será necesario posuír o certificado do nivel inferior das **ensinanzas de idiomas de réxime especial** (certificado B2 expedido por unha EOI), ou o certificado acreditativo da validación do Certificate of Proficiency emitido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.